



# Gagán e As Pagonas, entre os topónimos moañeses sobre os que hai más erros

O proxecto da toponimia permitirá ó concello fixar as formas oficiais dos nomes de lugar

M.G. / MOAÑA

**X**axán, no canto de Gagán; As Pajonas, no canto de As Pajonas; A Meixoadá, no canto de A Ameixoadá; ou Xixalde, Sixalde ou Xisalde, no canto de Sisalde. Son exemplos de erros sobre os topónimos que segundo o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Moaña se van reproducindo sistemáticamente. O mesmo pasa con A Agrela, da que se fala como A Grela, ou de Labrados en vez de Ladrados.


Precisamente fixar as formas oficiais dos nomes de lugar do municipio e empregar esas formas en todos los ámbitos —na rotulación, nas guías telefónicas, na prensa, nos escritos oficiais, na señalización dos barrios ou rúas, etc.— é un dos obxectivos do proxecto que sobre a toponimia de Moaña está desenvolvendo a

Concellería de Cultura a través de Normalización Lingüística, que prosegue coa exposición pública no consistorio dos nomes de lugares menores ou microtoponímia.

Precisamente durante esta semana e a que vén están organizadas visitas guiadas cos centros de ensino co obxectivo de difundir entre a rapazada a importancia de recuperar e coñecer os topónimos do contorno. Onte acudiron á exposición alumnos do IES A Paralaia e hoxe o farán de As Barcas. Á par, tamén se están acercando á Casa do Concello persoas dos arredores, as cales achegan información nova sobre os microtopónimos esquecidos.

## Base de datos

A base de datos que resulte da recollida trala exposición pública, que se prolongará ata finais de xuño, unha vez revisada por ex-



Alumnos do Instituto A Paralaia visitaron onte a exposición da toponimia de Moaña. / GONZALO NÚÑEZ

pertos en toponimia e normativizada, "poderá ser usada por particulares e empresas, centros de ensino, na rotulación dos barrios, etc.", explica a normalizadora lingüística. "Neste proceso inclúese o Concello de Moaña, porque poderá contribuir desde distintos

departamentos e servizos", engade.

Así, desde Urbanismo poderán empregar os microtopónimos oficiais na elaboración de documentación sobre plans xerais ou licenzas de obra. Turismo poderá utilizarlos na elaboración de guías,

paneis informativos ou rutas de senderismo. A Policía Local poderá transcribir axetadamente os nomes de lugar en informes e atestados, e Secretaría poderá facelo propio nas actas e documentos oficiais.

Desta maneira, evitábase que aparecesen formas gráficas incorrectas e non oficiais que se van repetindo sistemáticamente. Entre elas, e ademáis das citadas, atopáñase a Praia do Carnaval en vez de Praia de Canaval ou Chan da Goa en vez de Chan da Lagoa.

Moitos veciños achegan información nova sobre microtopónimos esquecidos